

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'Os milagres de Cristamar'

Prostitutas, monxas, hermafroditas...: unha novela tan intensa como curta

O luns chega ás librarías de todo o país a obra gañadora do premio de literatura erótica Narrativas Quentes. Ofrecémoslles un avance en Vieiros para iren 'quentando a boca'.

Redacción - 18:15 16/07/2008

Rexeitada nalgunha editorial por "irreverente", a novela [gañadora do último premio de literatura erótica Narrativas Quentes](#), *Os milagres de Cristamar*, chega ás librarías este luns.

A obra, de Chelo Suárez, fíxose merecedora do galardón que convoca anualmente [Edicións Positivas](#) logo de quedar deserto con anterioridade.

Francisco Macías, director da editorial -que tamén publica o libro-, salientou a calidade do libro, "cunha escrita que te enreda e te secuestra, cunha lingua moi elaborada sen que o pareza".

Ambientada en 'Cristamar' (A Coruña), "cando o famoso terremoto de Lisboa", "a novela é tan intensa como curta, hai prostitutas, monxas, hermafroditas e castratos mariñeiros...".

En Vieiros ofrecémoslles un avance para iren 'quentando a boca'...

- [Extracto de *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez \(Edicións Positivas\)](#) (.pdf 400 KB)

Novas relacionadas

- [Narrativas quentes: As letras seguen fervendo](#)
- ["Sorprende a escaseza de léxico sexual, mesmo entre os escritores"](#)
- [Seis finalistas para o Blanco Amor, ningún gañador para o Narrativas Quentes](#)